

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 de la Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello acorda a imposición do Imposto sobre construcións, instalación e obras, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

O imposto sobre construcións, instalacións e obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivese ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda ao concello da imposición.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

A os efectos previstos no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 4 EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Está exenta do pagamento do Imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa o dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ao mesmo, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obra de inversión nova como da súa conservación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

2. De conformidade co regulado no artigo 103.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións:

a) Poderán gozar dunha bonificación do **75%** da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración.

Por outra banda, poderán ter unha bonificación da cota íntegra deste imposto para as instalacións, construcións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre en cando implique creación de emprego. Será a petición do solicitante, e terá que acreditar que se compren as condicións anteriores. As % de bonificacións son as seguintes:

I. Dun **80%** pola creación de máis de 20 postos de traballo.

II. Dun **75%** pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

III. Dun **50%** pola creación de ata 10 postos de traballo.

Corresponderán as declaracións deste apartado ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

b) Gozarán dunha bonificación do **30%** na cota do imposto, as construcións, instalacións e obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo; sempre e cando o feito impositivo non resulte obrigatorio a teor da normativa vixente específica na materia.

Esta bonificación alcanzara exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalacións e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar pola persoa interesada un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto.

c) Gozarán dunha bonificación do **50%** da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

d) Gozarán dunha bonificación do **90%** na cota do Imposto as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificacións existentes, que favorezan as condición de acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade, por iren destinadas ou implicar a eliminación de barreiras arquitectónicas. Non se concederá esta bonificación

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

cando a implementación destas medidas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

3. Normas de xestión das bonificacións.

As bonificacións reguladas no punto anterior son de carácter rogado. As solicitudes deberán realizarse dentro do prazo de un mes desde a concesión da licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa, identificando a citada licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

As bonificacións previstas no presente artigo, en ningún caso, serán acumuladas entre si.

As bonificacións contempladas no presente artigo non serán de aplicación para aquelas construcións, instalacións ou obras que incorresen nun expediente de reposición da legalidade.

As solicitudes de bonificación esixirán, ademais da propia solicitude, toda a documentación que xustifique os requisitos que nas mesmas se establece, tales como os informes municipais que correspondan, acordo do Pleno de ser o caso e a documentación que se especifica para cada caso a continuación.

No relativo á bonificación dos apartado 2a) deste artigo, deberán terse en conta as seguintes condicións:

- A declaración de interese ou utilidade municipal deberá cingirse a unha única circunstancia, polo que non poderán ser acumulativas en ningún caso.

- Para poder propoñer ao Pleno da Corporación a declaración de utilidade ou interese municipal pola circunstancia de fomento do emprego, o suxeito pasivo deberá acreditar ante o Concello que o feito impoñible repercute nun incremento como mínimo de dous/dúas traballadores/as no caso de cadros de persoal iniciais de ata 10 membros e de cinco no suposto de cadros de persoal de máis de 10 traballadores/as. No caso de empresas de nova creación, será necesaria a creación dun mínimo de tres postos de traballo. En ambos os casos, os postos creados deberán ser de carácter indefinido e a xornada completa. A actividade orixe da bonificación e conseguinte contratación laboral deberá iniciarse no prazo máximo de 6 meses que contará desde a finalización das correspondentes obras, e deberá ser mantida ao igual que os postos de traballo que se tiveron en conta para conceder a bonificación, por un período de tres anos contados desde o inicio da actividade. No caso contrario, sen prexuízo da apertura, se é o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír, procederá o aboamento da cantidade bonificada que será incluída na liquidación definitiva que, se for o caso, se practique ou noutra independente, se a causa de devolución se produce con posterioridade a aquela.

No relativo á bonificación do apartado 2b) deste artigo, deberán terse en conta as seguintes condicións:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

- A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da administración competente. O suxeito pasivo deberá achegar, xunto coa solicitude da licenza, comunicación previa ou declaración responsable, o proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

- Procederá o aboamento da cantidade bonificada se, como resultado da correspondente actividade administrativa de comprobación, se constata que non se teñen executado as obras nos termos considerados inicialmente para a súa concesión, sendo incluída aquela na liquidación definitiva que se practique, sen prexuízo da apertura, se é o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

No relativo á bonificación do apartado 2c) deste artigo, deberán terse en conta as seguintes condicións:

- Para o goce desta, o suxeito pasivo deberá achegar, no momento de presentar a solicitude da licenza, comunicación previa ou declaración responsable, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou declaración ou visado emitido polo mesmo Instituto considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.

- Procederá o aboamento da cantidade bonificada se, como resultado da correspondente actividade administrativa de comprobación, se constata que non se teñen executado as obras nos termos considerados inicialmente para a súa concesión, sendo incluída aquela na liquidación definitiva que se practique, sen prexuízo da apertura, se é o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

No relativo á bonificación do apartado 2d) deste artigo, deberán terse en conta as seguintes condicións:

- Non será aplicable esta bonificación nos supostos nos que a construción, instalación ou obra sexa subvencionada de forma pública ou privada.

- Para o outorgamento desta bonificación o suxeito pasivo deberá presentar: a) Presuposto de execución material da actuación visado polo colexio profesional correspondente, no que se describa o obxecto da construción, instalación ou obra e se detalle, se for o caso, aquela parte destas destinada a favorecer as condicións de acceso e de habitabilidade das persoas con mobilidade reducida; b) Declaración responsable do suxeito pasivo de non percibir subvención ningunha pola construción, instalación ou obra obxecto da bonificación.

- Procederá o aboamento da cantidade bonificada se, como resultado da correspondente actividade administrativa de comprobación, se constata que non se teñen executado as

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

obras nos termos considerados inicialmente para a súa concesión, sendo incluída aquela na liquidación definitiva que se practique, sen prexuízo da apertura, de ser o caso, dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E DEVENGO

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material desta.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Para o cálculo da base imponible a determinar na autoliquidación, terase en conta o valor máis alto entre o presuposto presentado polos interesados (PEM) e o Presuposto de Execución Material segundo Módulos Básicos (PMb) estimada polo Departamento de Urbanismo tomando como referencia o Anexo I desta Ordenanza para obras de nova planta, reforma, rehabilitación ou grande reparación, e a Base de Datos da Construción de Galicia aprobada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia para as restantes construcións, instalacións ou obras.

O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza ou non se presentase a comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 6. TIPO IMPOSITIVO E COTA

O tipo de gravame será o **3,80%**.

A base liquidable deste imposto será idéntica á base imponible.

A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou comunicación previa ou cando, non se solicítase, concedese ou denegase aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, a instalación ou a obra, practícarase polo interesado una autoliquidación que terá o carácter de provisional a conta, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que fose visado polo colexio oficial correspondente cando constituía un requisito preceptivo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

Cando se observase que o orzamento achegado presenta valores anormalmente baixos, serán os técnicos municipais os que determine no seu importe de acordo con prezos de mercado.

O prazo para abonar esta autoliquidación será de un mes a contar dende a data de concesión da licenza que corresponda ou da presentación da declaración responsable ou a comunicación previa ou, no seu caso, dende a data de inicio da obra se esta se producira con anterioridade ás datas anteriores.

A autoliquidación acompañarase do orzamento da construción, instalación ou obra debidamente desagregado e mais o número de licenza que as ampara, de ser esta preceptiva e estar concedida, ou da declaración responsable ou comunicación previa presentada.

Cando, iniciada a tramitación da solicitude, o orzamento inicialmente achegado sufra modificacións no seu importe, deberá presentarse polo interesado, segundo proceda, solicitude de rectificación de autoliquidación ou autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o seu custe real final, o Concello, tras a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e restantes disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA UNICA

No relativo ao prazo de presentación das solicitudes de bonificación do artigo 4.3, para os supostos de construcións, instalacións e obras nas que, na entrada en vigor desta ordenanza, aínda non se iniciasen as obras e xa se concedese licenza ou se presentasen comunicación previa ou declaración responsable, o prazo para poder solicitar as citadas bonificacións será de un mes a contar dende a data de entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza fiscal polo Imposto sobre construcións, instalacións e obras actualmente vixente e as súas modificacións; e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA

No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a normativa tributaria de aplicación.

SEGUNDA.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO I

ESTIMACIÓN SIMPLIFICADA DOS PRESUPOSTOS DE EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN

1. DEFINICIÓNS

Mb	Módulo básico.
Mc	Módulo de construción ou de referencia.
S	Superficie total construída, en m ²
Si	Superficie construída por uso de acordo co destino predominante da mesma.
Ca	Coeficiente de actualización.
Ct	Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.
Cu	Coeficiente corrector en función do uso da edificación.
PMb	Presuposto de Execución Material segundo Módulos Básicos.
PEM	Presuposto de Execución Material do proxecto.

2. VALORES DE APLICACIÓN

2.1. Módulo básico: Mb

Establece un prezo en euros por cada m² de edificación en función do valor básico de construción (MBC) establecido pola ponencia de valores de Catastro.

2.2. Coeficiente de actualización: Ca

Ao módulo básico (Mb) aplicaráselle un coeficiente de actualización (Ca) en función da evolución anual dos custes do sector da construción publicados polo Ministerio correspondente dende o ano de publicación da ponencia de valores de Catastro ata o ano en curso, en canto o dato estea dispoñible.

2.3. Superficie construída por uso: Si

Un traballo considerarase incluído no apartado que lle corresponda de acordo co uso predominante da superficie da planta, incluíndose naquel as superficies con destinos minoritarios cando non superen o 25% da superficie total da planta.

2.4. Coeficiente tipoloxías: Ct

2.4.1. En edificacións de nova planta e adicións.

- 1,20 Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada. Sotos a partir do 3º.
- 1,10 Agrupación en fila ou ringleira. Sotos 1º e 2º.
- 1,00 Edificio en mazá pechada. Edificación aberta vivenda colectiva.

2.4.2. En obras de reforma e rehabilitación.

- 1,20 Rehabilitación total incluíndo o desmontaxe de fachadas.
- 1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas.
- 0,65 Reforma interior de instalacións e acabados conservando a estrutura existente.
- 0,50 Reformas de elementos estruturais.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

- 0,35 Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpintería e cerramentos (aplicada á superficie de fachada).
- 0,30 Reformas de pouca entidade que no afecten a elementos estruturais nin a instalacións (acabados interiores).
- 0,02 Demolicións e derribos (aplicada á superficie total das plantas que se derruban)
(* Coeficiente de uso Cu = 1

2.5. Coeficiente de uso: Cu

- 1,60 Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5*. Edificios bancarios.
- 1,50 Hospitais. Laboratorios. Igrexas.
- 1,40 Bibliotecas. Facultades e Escolas Universitarias. Hoteis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais Marítimas e Aéreas.
- 1,30 Clubs sociais. Cines. Centros de Saúde. Balnearios. Hoteis 3*. Salas de festas. Discotecas. Colexios con Residencia.
- 1,20 Casas da Cultura. Locais Bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade. Apartahoteis. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros.
- 1,10 Vivenda. Hoteis de 2*. Residencias universitarias. Moteis.
- 1,00 Residencial VPO. Oficinas. Garderías. Centros docentes. Hoteis de 1*. Ambulatorios. Hostais-Residencias. Restaurantes. Estacións de Autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.
- 0,90 Bares. Mercados.
- 0,80 Centro comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows. Servicios campings.
- 0,65 Edificios de aparcamentos. Local comercial. Establecementos comerciais, industria escaparate.
- 0,50 Piscinas descubertas. Cemiterios.
- 0,40 Garaxes e Aparcamentos. Estacións de Servicio.
- 0,35 Trasteiros. Locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico. Porches e terrazas abertas.
- 0,30 Almacéns e naves industriais. Instalacións deportivas descubertas. Naves. Granxas. Cobertizos. Depósitos. Graderíos. Panteóns (por nicho).
- 0,15 Acondicionamento de naves con obras mínimas
- 0,10 Proxectos de Urbanización (adscritos á edificación). Parcelas campings. (**)
- 0,05 Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espacios exteriores. Acondicionamento de terreos (**)

(**) Coeficiente de Tipoloxía Ct = 1

3. OBTENCIÓN DO PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS: PMb

O valor obtido polo procedemento exposto neste manual é un custo de avaliación aproximada, que se recomenda utilizar coma valor de referencia, de carácter orientativo, e que cubre as esixencias legais e deontolóxicas de congruencia, veracidade, responsabilidade civil profesional, e credibilidade do traballo de arquitectura.

O custo da execución material de todo tipo de proxectos e traballos de edificación que se leven a cabo, poderá obterse en función do Módulo de construción Mc, e da superficie construída para cada uso, de acordo coas seguintes fórmulas:

3.1. Módulo de construción: Mc

O módulo de construción Mc obtense pola seguinte fórmula:

$$Mc = Mb \times Ca \times Ct \times Cu$$

Sendo: Mc = Módulo de construción.

Mb = Módulo básico.

Ca = Coeficiente de actualización

Ct = Coeficiente de tipoloxía.

Cu = Coeficiente de uso. Nos casos nos que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aconséllase aplicar a media entre os que máis se asemellen.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

3.2. Presuposto de execución material segundo módulos básicos: PMb

O Presuposto de execución material segundo módulos básicos, PMb, obtense pola seguinte fórmula:

$$\text{PMb} = \text{SS} (\text{Mci} \times \text{Si})$$

Sendo: PM b = Presuposto de Execución Material segundo Módulos Básicos.

Mci = Módulo de construción de acordo co destino predominante da superficie.

Si = Superficie construída por cada uso parcial de acordo co destino predominante da mesma.